

PROPOSTA CONCRECIÓN CURRICULAR COLEXIO SANTO TOMÁS



Colexio Santo Tomás
Soc. Coop. Galega



Índice	páx
1. Bases legais	
• Normativa estatal	
• Normativa autonómica	
2. Introducción.....	
3. Adecuación e concreción dos obxectivos de EP e da ESO	
• Obxectivos de EP	
• Obxectivos da ESO	
• O contexto do centro.	
• Concreción dos obxectivos da EP o contexto do centro.	
• Concreción dos obxectivos de ESO o contexto do centro.	
4. Decisións de carácter xeral sobre a metodoloxía a empregar.....	
5. Criterio de selección de materiais para o desenvolvemento do currículo	
6. Criterios xerais de avaliación das aprendizaxes do alumnado EP/ESO	
7. Criterios xerais de promoción do alumnado EP/ESO	
8. Titulación en 4º ESO	
• Base legal	
• Cualificación final de etapa.	
9. Criterios para a concesión da mención honorífica en EP matrícula de honra na ESO.....	
10. Alumnado que remata o período de ensinanza secundaria sen acadar o título.....	
11. Criterios xerais de avaliación e recuperación de alumnos/as con materias pendentes doutros cursos	
12. Criterios xerais para plan específicos reforzo para repetidores	
13. Orientación para incorporar os elementos transversais	
14. A oferta curricular do centro	
15. Requisitos das programacións didácticas.....	
16. Criterios e procedementos para a avaliación anual da proposta curricular.....	
17. Anexo I: Avaliación da proposta curricular	



1.- BASES LEGAIS

NORMATIVA ESTATAL

- **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo**, de Educación. (B.O.E de 4 de mayo)
- **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa.(B.O.E de 10 de decembre)
- **Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembre**, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato. (B.O.E de 3 de enero de 2015)
- **Orden ECD/65/2015, de 21 de enero**, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato (B.O.E de 29 de enero)
- **Real Decreto 310/2016, de 29 de julio**, por el que se regulan las evaluaciones finales de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato.
- **Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembre**, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembre, para la mejora de la calidad educativa.
- **Real Decreto 562/2017, de 2 de junio**, por el que se regulan las condiciones para la obtención de los títulos de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria y de Bachiller, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de decembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembre, para la mejora de la calidad educativa.

NORMATIVA AUTONÓMICA

- **DECRETO 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG de 29 de xullo).
- **ORDE do 15 de xullo de 2015** pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.(DOG de 21 de xullo).
- **ORDE do 13 de xullo de 2016** pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.(DOG do 4 de agosto).
- **Instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017 de 2 de xuño**, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en ESO e modelo de Consello Orientador da ESO.
- **RESOLUCIÓN do 15 xullo de 2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



- **RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- INTRODUCCIÓN

No artigo 5 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece que os centros docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. O proxecto educativo de centro incorporará a concreción dos currículos que lle corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas materias de educación en valores e outras ensinanzas.

En consecuencia, o equipo directivo do centro, de acordo coas directrices propostas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, estableceu as actuacións precisas para que o claustro do profesorado, a partir do currículo establecido concretase a proposta curricular do centro.

3.- ADECUACIÓN E CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA EP E DA ESO

Obxectivos da Ensinanza primaria

O artigo 7 do Real Decreto 157/2022 establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade no aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidades sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houbera, a lingua cooficial da comunidade autónoma e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, alo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelos e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás novas situacións da vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia



e a Cultura.

- i) Desenvolgar as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na utilización, para o aprendizaxe, desenvolando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que recibe e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representación e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximo ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolgar as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolgar hábitos cotiás de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Obxectivos da Ensinanza secundaria Obrigatoria

O artigo 7 do Real Decreto 157/2022 establece que a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzándoos dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores común dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal o social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- Fortalecer as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, e avanzar nunha reflexión ética sobre a súa utilización
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.



- Desenvolver o espírito crítico e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houbese, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, alectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha das linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sociedade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación.

O noso contexto

O Colexio Santo Tomás é un centro privado concertado de EI, EP e ESO, situado na vila de O Porriño, concretamente na parroquia de Torneiros, que é unha das sete que integran o municipio (Chenlo, Atios, Budiño, Mosende, Pontellas e O Porriño).

Según se recolle no noso PEC o alumnado do CPR Santo Tomás procede maioritariamente do núcleo urbano do Porriño e da Parroquia de Torneiros.

É un centro que oferta servizos complementarios: aula matinal, comedor, aula sobremesa, campamento de verán e actividades extraescolares polas tardes; que favorecen a conciliación familiar.

As nais/pais do alumnado son na súa maioría traballadores do sector industrial químico ou de servizos na zona próxima ao centro ou traballadores/as do Polígono Industrial das Gándaras de Budiño.

O 100% das familias participa nas ANPAS do centro, a súa relación co centro é moi satisfactoria, acoden maioritariamente ás reunións ás que son convocadas/os e participan das actividades e proxectos do centro.

O alumnado usa maioritariamente o castelán como lingua vehicular, en xeral é disciplinado e atende ás explicacións do profesorado sen presentar problemas de comportamento graves.

O centro participa no programa de "TUTORÍA ENTRE IGUAIS" (3º EP - 4º ESO) e de "MEDIADORES" (1º - 2º EP) favorecendo a autonomía na resolución de conflitos entre o alumnado, así como o desenvolvemento da habilidades de afrontamento.

Contamos con aula de educación especial para alumnado NEAE así como profesionais do departamento de orientación que impulsan e aplican as medidas de atención á diversidade necesarias para cada alumno/a, garantindo que o seu desenvolvemento académico sexa o mais axeitado



Concreción dos obxectivos da Educación Primaria en función do contexto do Centro.

1. Fomentar a interacción lingüística dun xeito apropiado desenvolvendo habilidades para expresar as súas ideas, pensamentos, sentimentos e opinión tanto en galego como en castelán.
2. Desenvolver estratexias de resolución de problemas relacionados coa vida cotiá e o mundo laboral
3. Facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.
4. Practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos. Participación activa do programa TEI.
5. Aprender e practicar hábitos de estudio e traballo individual e en equipo.
6. Fomentar a imaxinación e o emprendemento participando en proxectos individuais e colectivos.
7. Desenvolver a capacidade de opinar ante o grupo con argumentos razoados e coherentes.
8. Desenvolver e valorar o espírito crítico e a capacidade de análise que lles axude a manter actividades positivas e rexeitar as negativas.

Concreción dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria en función do contexto do Centro.

1. Fomentar que o alumnado utilice os diferentes instrumentos recollidos nas NOF e no Plan de Convivencia para que se implique na súa aplicación práctica co obxectivo de que se implique de forma activa nos mecanismos de participación democrática (elección de delegados e representantes do Consello escolar, xuntas de aula e de delegados)
2. Implicar aos pais ou titores legais nos mecanismos de control do traballo diario dos seus fillos/as de cara a mellorar rendemento escolar e previr casos de absentismo e/ou abandono escolar.
3. Valorar e respectar a diferenza rexeitando calquera tipo de discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición persoal ou social. Fomentarse o traballo colaborativo en grupos mixtos e farase especial fincapé en rexeitar os estereotipos sexistas que condicionan as expectativas formativas e profesionais das alumnas.
4. Fortalecer as competencias afectivo-emocionais , as relación interpersoais positivas e a resolución eficaz de conflitos mediante o Programa de Tutoría entre Iguais.
5. Potenciar o uso responsable das novas tecnoloxías como instrumento de transmisión de información e de comunicación no grupo descubriendo as súas vantaxes no traballo colaborativo.
6. Desenvolver a autoestima, a participación, a capacidade para aprender a aprender, a iniciativa persoal e a responsabilidade a través de proxectos interdisciplinares colaborativos.
7. Desenvolver un proxecto lector que implique a todas ás áreas de coñecemento, potencie o uso da biblioteca como fonte de recursos diversos e fomente a lectura como aprendizaxe e disfrute persoal.
8. Fomentar a expresión oral , a expresión escrita e a expresión plástica e audiovisual nas diferentes materias de coñecemento , proxectos interdisciplinares e actividades complementarias propostas



polos diferentes equipos ou departamentos (concursos, elaboración de diarios e revistas, programas de radio, representacións teatrais,...).

9. Potenciar o uso do galego como lingua vehicular na vida cotiá do centro de cara a superar prexuízos e poñer en valor a nosa lingua como un patrimonio cultural que debemos preservar.
10. Comprender e expresarse en unha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada potenciando experiencias en contextos reais (relación con centros estranxeiros, programas de intercambio,...)
11. Coñecer, valorar e respectar o noso patrimonio cultural e artístico aproveitando as posibilidades que ofrece o nosa contorna e as viaxes a outros lugares de interese.
12. Fomentar un uso responsable dos recursos dispoñibles e dos espazos e instalacións do Centro e de calquera outro espazo no que desenvolvamos algunha actividade.
13. Coñecer, valorar e respectar o noso patrimonio natural aproveitando as posibilidades que ofrece a nosa contorna e visitando espazos naturais dentro e fóra da nosa comunidade.
14. Apreciar a creación artística e comprender a súas diversas linguaxes e potenciar os mecanismos que permitan o desenvolvemento das destrezas artísticas do alumnado e o respecto ás creacións alleas.
15. Fomentar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade vial, participando nas actividades extraescolares e complementarias relacionadas coa seguridade vial.

4.- DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA A EMPREGAR.

Como norma xeral, priorizaremos metodoloxías activas e contextualizadas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos e competencias en situacións reais que permitan xerar aprendizaxes máis transferibles e duradeiros. Apoiarémonos en estruturas de aprendizaxe colaborativo na que a figura do/a profesor/a será a dun mediador que facilite que o alumnado vaia construíndo as súas aprendizaxes en función das súas competencias e ritmo de aprendizaxe nun contexto no que pode compartir os logros e resolver as dificultades coa axuda doutros.

A finalidade principal das actividades educativas será que o alumnado adquira mecanismos de aprendizaxe que faciliten enfrontarse a situacións novas, máis alá do ámbito académico, por iso, na medida do posible, deberán propoñerse actividades que teñan como referente situacións da vida cotiá próximos ao alumnado.

Tendo en conta isto, destacamos os seguintes principios metodolóxicos na nosa tarefa docente:

- Fomentar o interese do alumnado pola aprendizaxe introducindo actividades atractivas que instiguen a súa curiosidade e afán de aprender e utilizaranse recursos didácticos variados entre os que se contemplarán as ferramentas TIC.
- As actividades propostas serán de dificultade variable para adecuar o ritmo de aprendizaxe aos diferentes niveis competenciais do grupo de alumnos/as. Deberán ter presente a atención á diversidade. Deben arbitrarse métodos que favorezan a integración dos alumnos/as con problemas de aprendizaxe e con necesidades educativas especiais. De igual forma, atenderase aos alumnos/as que destaquen polo seu interese polo coñecemento.
- Concederese especial relevo á planificación e execución de tarefas en grupo. Isto servirá para favorecer a cooperación, o intercambio e confrontación de ideas e o debate intelectual, a superación de actitudes e/ou estereotipos discriminatorios de cara a acadar un mellor clima de convivencia baseado no respecto mutuo, a colaboración e a solidariedade.



- Incorporaranse propostas de traballo que faciliten a adquisición de destrezas que axuden ao alumnado a aprender por si mesmos coa finalidade de aumentar a súa autonomía e afianzar a confianza en sí mesmos e mellorar a súa autoestima, ao tempo que lles axuda a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora.

En función destes principios fomentaranse nas diferentes áreas ou materias a aprendizaxe por proxectos, por centros de interese, o estudo de casos, a aprendizaxe baseada en problemas, e o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

Débase crear un clima que favoreza a comunicación e a relación profesor-alumnos e alumnos-alumnos.

Recoméndase o uso do portafolio como ferramenta que aporta información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado ao tempo que potencia a súa autonomía e o pensamento crítico e reflexivo.

5.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DE MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO.

Entenderase por materiais curriculares aqueles que son utilizados no desenvolvemento das clases e que serven de guía ou elemento vertebrador da materia ao longo do curso.

Corresponderá á Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro establecer os criterios pedagóxicos para determinar os materiais e recursos de desenvolvemento curricular das diferentes ensinanzas.

A nivel xeral teranse en conta os seguintes criterios:

- Que cumpran a normativa legal.
- Os materiais e recursos serán variados e apropiados ao alumnado ao que van dirixidos.
- Que integren os elementos transversais.
- Que integren diferentes soportes instrumentais.
- Que fomenten a autonomía do alumnado e as estratexias de investigación e tratamento da información.
- Que non contemplan ningún tipo de discriminación
- Que permitan a súa adaptación á diversidade do alumnado de cada nivel e/ou etapa educativa.
- Que contemplan unha boa relación prezo-calidade

Poderán ser:

- Libros de texto. Publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN e deseñados especialmente para cumprir co currículo vixente.
- Libros de consulta ou lectura. Publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN, que non están deseñados para cumprir co currículo e que poderían ser utilizados na súa totalidade ou en parte para o seguimento da materia.
- Audiovisuais. Materiais multimedia, suxeitos ou non a dereitos de autor, utilizados para o seguimento da materia.



Os Departamentos ou equipos didácticos, de maneira consensuada, determinarán os materias curriculares que utilizarán para as distintas áreas ou materias dos cursos que imparten.

6.- CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO NA EP / ESO

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do Decreto 86/2015, do 25 de xuño.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación primaria e secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

Ao longo de cada curso, ademais da avaliación inicial, realizaranse tres sesións de avaliación, unha por trimestre e unha avaliación final.

O profesorado porá as notas no Xade no período indicado pola xefatura de estudos. O profesorado ensinará no prazo máis breve posible ao alumnado na súa aula as probas corrixidas e cualificadas coa finalidade de ver os erros e a súa valoración.

As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia nel, contará co asesoramento do Departamento de Orientación e poderá asistir un membro do equipo directivo.

Esta exposición ha de tratar, por esta orde:

1. Cuestións de carácter xeral
2. Cuestións a destacar relativas a cada materia.
3. Relación das conclusións obtidas para cada alumno ou alumna. Durante o desenvolvemento da exposición do titor/a o resto dos membros da xunta intervirán para matizar e opinar sobre as cuestións das que se vaia facendo mención.

Simultaneamente irán recolléndose por escrito todos aqueles elementos que a xunta de avaliación vaia asumindo como conclusións finais acerca do grupo xeral, de cada materia ou grupo de materias e de cada alumno e alumna en particular.

Se un membro do profesorado debe cambiar a cualificación outorgada a un/unha alumno/a na avaliación final, comunicarao á Xefatura de Estudos, expoñendo cales son os motivos da rectificación.

Se esta modificación inflúe na promoción ou titulación, convocarase unha Xunta de Avaliación Extraordinaria.

Cando o progreso do/a alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular coa finalidade de garantir, na medida do posible, a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O alumnado de 1º e 2º de ESO que non curse a materia común de segunda lingua estranxeira (Orde 6 set 2007) será valorado de xeito cualitativo, no progreso nas actividades de reforzo que estea desenvolvendo. Nos documento de avaliación figurará como exento.

O alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes á educación secundaria obrigatoria con ACS, a avaliación e promoción tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares. Cada profesor/a reflectirao na súa ACI e entregarao no Departamento de Orientación. Estas valoracións estarán a disposición do profesorado no curso



seguinte.

O/ A titor/a levantará acta dos acordos e decisións acordadas polo equipo educativo e trasladará ás familias correspondentes boletíns informativos ao remate de cada avaliación. A xefatura de estudos, escoitadas as familias, porá en vigor, na medida do posible, as medidas educativas decididas nas xuntas de avaliación.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe

A avaliación do proceso de aprendizaxe do/a alumno/a deberá ser integradora, tendo en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. Este carácter integrador será compatible co feito de que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas. O resto de decisións adoptaranse de forma colexiada polo equipo docente do alumno/a contemplando, cando proceda, as orientacións do Departamento de Orientación. Esta toma de decisión requirirá maioría simple.

Na etapa de Educación Primaria terase especial consideración á información e o criterio do profesorado titor.

Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais. Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e das alumnas a que o seu rendemento se valore consonte criterios de plena obxectividade, os profesores/as das distintas áreas ou materias comunicarán ao alumnado os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción. Para difundir esta información a toda a comunidade educativa, os diferentes equipos e departamentos publicarán na páxina web do centro as súas programacións completas ou, alomenos, os puntos anteriormentesinalados.

O alumnado de EP que promocióne de curso con áreas sen superar deberán recibir os apoios necesarios para acadar os contidos non alcanzados no curso anterior.

O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores na ESO, recibirán no mes de outubro, o programa de recuperación da materia pendente, e o calendario de probas de avaliación. O alumnado que non acadou avaliación positiva con estas medidas, terá dereito a unha proba final que se realizará no mes de maio.

De non superar a proba terá a opción de realizar as actividades de reforzo ou probas de recuperación propostas entre a 3ª avaliación e a final.

Ao finalizar os cursos 2º e 4º da etapa primaria o titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición de competencias de cada alumno/a indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa, en 6º curso, o alumnado disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e o grao de adquisición de competencias. No caso de alumnado NEE, o informe deberá reflectir as aplicacións e medidas tomadas e a súa necesidade de continuación na etapa seguinte.

Ao remate de 2º e 4º ESO, trala avaliación final, entregarase aos proxenitores ou tutores legais de cada alumno/a un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou tutores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado a seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e da adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. O/A titor/a de cada alumno/a, asesorado polo departamento de orientación, redactará



este Consello Orientador no Xade e deixará unha copia no expediente do/a alumno/a. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica.

Ademais de en 2º e 4º ESO, este Consello Orientador poderá entregarse aos alumnos/as en calquera curso de ESO se o titor/a e o equipo docente o considera necesario.

O consello orientador incluírase no expediente do/a alumno/a.

Os documentos oficiais de avaliación son:

- O expediente académico
- Historial académico.
- As actas de avaliación.
- Informe persoal por traslado.
- Consello orientador.

7.- CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DA EP / ESO

Despois da publicación do **Real Decreto 984/2021**, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e da **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022) procede a modificación dos criterios de promoción e titulación para o curso escolar 2021/2022 e seguintes, e coa concreción adoptada polo claustro deste centro o 22 de marzo de 2022:

Educación Primaria – Promoción.

1. Ao finalizar os cursos de 2º / 4º/ e 6º EP e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor.
2. A promoción no resto dos cursos da etapa será automática.
3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídos as nais, os pais ou titores legais.
4. A repetición de curso irá acompañado dun plan específico de reforzo (art. 50 Orden 8 sept 2021) orientado a acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Educación Secundaria Obrigatoria – Promoción.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de



adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - c. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - d. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Quen teña promoción sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo (art. 51, Orden 8 sep. 2021) que estableza o equipo docente deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos nos apartados anteriores.

O alumno ou a alumna que non teñan promoción deberán permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderáselle aplicar no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo dentro da etapa. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no 4º curso aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias da etapa.

A repetición de curso irá acompañada dun plan específico personalizado (art. 52, Orden 8 sep 2021), orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. A aplicación personalizada das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ao finalizar o curso académico.

8.- TITULACIÓN EN GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Educación Secundaria Obrigatoria – Titulación.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a. Que a media aritmética das cualificación obtidas en todas as materias en que estea matriculada



ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

- b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para os efectos de titulación computaranse como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores.

A cualificación final da etapa será

1. A media das calificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na Ensinanza Secundaria Obrigatoria, expresada nunha escala de 1 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.
2. No caso do alumnado que por terse incorporado de forma tardía ou por ter realizado parte dos seus estudos nalgún sistema educativo estranxeiro, non teña cursado no sistema educativo español a Educación Secundaria Obrigatoria na súa totalidade, o cálculo da calificación final da etapa farase tendo en conta unicamente as cualificacións obtidas no sistema educativo español, sen prexuízo do establecido ao respecto en acordos ou convenios internacionais.

9.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA MENCIÓN HONORÍFICA EN EDUCACIÓN PRIMARIA E MATRÍCULA DE HONRA NA ESO

Educación Primaria – Mención honorífica.

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos/as que superasen todas as áreas de etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar EP nunha área ou en varias e que demostre un rendemento académico excelente.

A Mención Honorífica constará nos documentos de avaliación.

Educación Secundaria Obrigatoria – Matrícula de honra.

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. En consecuencia, establécese:
 - a. Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que concederanse as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 4º curso de ESO.



- b. En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa.
- c. De persistir o empate, terase en conta:
 - 1º. A nota media máis alta de 3º ESO
 - 2º. A nota media máis alta de 2º ESO
 - 3º. A nota media máis alta de 1º ESO.

10.-ALUMNADO QUE REMATE O PERIODO DE ENSINANZA SEGUNDARIA OBRIGATORIA E NON ACADU O TÍTULO

Os alumnos e as alumnas que cursen a educación secundaria obrigatoria e non obteñan o título recibirán unha certificación con carácter oficial e validez en toda España. Esta certificación será emitida polo centro docente que o alumno ou a alumna estivese matriculado/a no último curso escolar e nela consignaranse os seguintes elementos:

- a) Datos oficiais identificativos do centro docente.
- b) Nome e documento acreditativo da identidade do/da estudante.
- c) Data de comezo e finalización da súa escolaridade.
- d) As materias ou os ámbitos cursados, coas cualificacións obtidas nos anos que permaneceu escolarizado/a na educación secundaria obrigatoria.
- e) Informe da xunta de avaliación do último curso escolar no que estivese matriculado/a, no que se indique o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes, así como a formación complementaria que debería cursar para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Tras cursar o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, así como despois de cursado o segundo curso cando o alumno ou a alumna vaian incorporarse de xeito excepcional a un ciclo de formación profesional básica, entregaráselles aos alumnos e ás alumnas un certificado dos estudos cursados, co contido indicado nas letras a) a d) e un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes.

O alumnado que non titule e supere os límites de idade poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización das probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superou.

11.- CRITERIOS XERAIS PARA AS ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN DE ALUMNOS/AS CON MATERIAS PENDENTES DOUTROS CURSOS:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

En Educación Secundaria Obrigatoria, o protocolo de actuación co alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será o seguinte:

- Os departamentos proporán as actividades para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores. Indicaránlle as actuacións que deberá levar a cabo o alumno ou alumna para superar a materia de cursos anteriores.



- A xefatura de estudos elaborará a lista do alumnado con materias pendentes por materias e por curso, que facilitará aos xefes de departamento e aos titores de cada grupo.
- O profesor/a da materia pendente entregará a cada alumno/ao programa de reforzo da materia que corresponda. Este programa irá acompañado dun impreso para que firmen as familias ou titores legais. Será o mesmo profesor/a o encargado de recollelo debidamente asinado e entregarllo á xefatura de estudos.
- Durante o curso, a atención ao alumnado con materias pendentes corresponderá ao profesorado da materia que non houbera superado o alumno no horario establecido en coordinación coa xefatura de estudos.
- A avaliación e seguimento do alumnado con materias pendentes realizarase con anterioridade ás sesións de avaliación dos cursos nos que se atopen os/as alumnos/as correspondentes.

12.- CRITERIOS XERAIS PARA PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA REPETIDORES

A xefatura de estudos elaborará un listado do alumnado repetidor que facilitará aos titores/as correspondentes.

O equipo docente coordinado polo profesor/a, titor/a será o encargado de elaborar e facer o seguimento do plan específico de reforzo para o alumnado repetidor.

Dito plan contará alomenos cos puntos indicados pola lei:

- EP: artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ESO: artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O titor/a informará aos pais/nais ou titores legais da realización e posta en marcha de dito plan deixando constancia por escrito.

De haber un traslado do alumno/a no medio do curso académico, dito plan debe ser enviado o novo centro educativo.

13.- ORIENTACIÓNS PARA INCORPORAR OS ELEMENTOS TRASVERSAIS

Os elementos transversais deber estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a ensinanzas fundamentais para vivir en sociedade.

Débense enfocar como algo necesario para vivir nunha sociedade como a nosa. Iranse aplicando en cada bloque ou unidade no momento no que o profesorado o considere oportuno, aproveitando aquelas cuestións e problemas que se prestan a debate e que gardan relación cos distintos temas transversais que se poden presentar no desenvolvemento da unidade didáctica, ou ben vir relacionado por noticias ou feitos ocorridos na contorna do alumnado.



Sen prexuízo do tratamento específico dos elementos transversais nalgunhas áreas ou materias de cada etapa, traballaranse en todas elas a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional e a educación para a igualdade, e fomentarase:

1. A inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e a non discriminación. Con este obxectivo estableceranse alternativas metodolóxicas e de atención á diversidade que sexan necesarias para que o alumnado con discapacidade poida desenvolver o seu proxecto persoal en igualdade de oportunidades.
2. O desenvolvemento de valores inherentes á igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Farase especial fincapé nos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención de violencia de xénero. Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación.
3. A aprendizaxe na prevención e resolución pacífica de conflitos a través das accións recollidas no Plan de Convivencia.
4. A aprendizaxe de valores que sustentan a convivencia democrática: liberdade, xustiza, igualdade, pluralidade, a paz e o respecto aos dereitos humanos e ao Estado de dereito e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.
5. A inclusión de elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o respecto ao medio ambiente, as situación de riscos derivados da utilización das novas tecnoloxías, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.
6. A inclusión de elementos curriculares relacionados co respecto e protección ao noso patrimonio artístico e cultural.
7. Hábitos de vida saudable coa finalidade de incorporar no comportamento dos xoves a actividade física e unha dieta equilibrada.

O PAT complementará o traballo realizado desde as diferentes materias ou áreas incluíndo de forma preferente aspectoso uso responsable e os riscos das TIC, a educación vial, o fomento da igualdade entre homes e mulleres, a prevención do acoso escolar etc).

14.- A OFERTA CURRICULAR DO CENTRO

A oferta educativa do noso centro será:



MATERIAS OFERTADAS 1º E.S.O.

MATERIAS		HORAS
TRONCAIS	Lingua Castelá e Literatura	4
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3
	Matemáticas	5
	Xeografía e Historia	3
	Bioloxía e Xeoloxía	4
ESPECÍFICAS	Educación Física	2
	Valores Éticos	1
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	2
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua Galega e Literatura	4
LIBRE CONFIGURACIÓN DO CENTRO	Reforzo de Xeografía e Historia	1
	Titoría	1

MATERIAS OFERTADAS 2º E.S.O.

MATERIAS		HORAS
TRONCAIS	Lingua Castelá e Literatura	3
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3
	Matemáticas	5
	Xeografía e Historia	3
	Física e Química	3
ESPECÍFICAS	Educación Física	2
	Valores Éticos	1
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	2
	Música	2
	Tecnoloxía	3
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua Galega e Literatura	3
LIBRE CONFIGURACIÓN DO CENTRO	Reforzo de Lingua Castelá	1
	Titoría	1



MATERIAS OFERTADAS 3º E.S.O.

MATERIAS		HORAS
TRONCAIS	Lingua Castelá e Literatura	3
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3
	Xeografía e Historia	3
	Bioloxía e Xeoloxía	2
	Física e Química	2
TRONCAIS DE OPCIÓN (Elixir unha)	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas <input type="checkbox"/>	4
	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas <input type="checkbox"/>	4
ESPECÍFICAS	Educación Física	2
	Valores Éticos	1
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2
	Música	2
	Tecnoloxía	2
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN (Elixir unha)	Cultura Clásica <input type="checkbox"/>	2
	Segunda Lingua Estranxeira (Francés) <input type="checkbox"/>	2
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua Galega e Literatura	3
	Titoría	1

MATERIAS OFERTADAS 4º E.S.O.

ITINERARIO 1: ENSINANZAS ACADÉMICAS 1		
MATERIA		HORAS
TRONCAIS	Lingua Castelá e Literatura	3
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3
	Xeografía e Historia	3
	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas	4
	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas	4
TRONCAIS DE OPCIÓN	Bioloxía e Xeoloxía	3
	Física e Química	3
ESPECÍFICAS	Educación Física	2
	Valores Éticos	1
	Latín	3
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN	Elixir unha:	
	<input type="checkbox"/> Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	3
	<input type="checkbox"/> Tecnoloxías da información e da comunicación	3
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua Galega e Literatura	3
	Titoría	1

ITINERARIO 2: ENSINANZAS ACADÉMICAS 2		
MATERIA		HORAS
TRONCAIS	Lingua Castelá e Literatura	3
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3
	Xeografía e Historia	3
	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas	4
	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas	4
TRONCAIS DE OPCIÓN	Física e Química	3
	Latín	3
ESPECÍFICAS	Educación Física	2
	Valores Éticos	1
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	3
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN	Elixir unha:	
	<input type="checkbox"/> Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	3
	<input type="checkbox"/> Tecnoloxías da información e da comunicación	3
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua Galega e Literatura	3
	Titoría	1

ITINERARIO 3: ENSINANZAS APLICADAS		
MATERIA		HORAS
TRONCAIS	Lingua Castelá e Literatura	3
	Primeira Lingua Estranxeira (Inglés)	3
	Xeografía e Historia	3
	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas	4
	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas	4
TRONCAIS DE OPCIÓN	Tecnoloxía	3
	Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	3
ESPECÍFICAS	Educación Física	2
	Valores Éticos	1
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	3
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN	Elixir unha:	
	<input type="checkbox"/> Segunda Lingua Estranxeira (Francés)	3
	<input type="checkbox"/> Tecnoloxías da información e da comunicación	3
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua Galega e Literatura	3
	Titoría	1



No caso de que unha vez formalizada a matrícula nalgunha das áreas ou materias optativas, non se chegase a dez matriculados, a Inspección Educativa poderá facer modificacións.

15.- REQUISITOS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DAS MATERIAS

As programacións didácticas incluírán en cada materia ou área, polo menos, os elementos seguintes:

1. Introducción e contextualización.
2. Perfil competencial
3. Obxectivos
4. Perfil da materia: Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:
 - a. Temporalización
 - b. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - c. Procedementos e instrumentos de avaliación.
5. Metodoloxía.
6. Materiais e recursos didácticos.
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados.
11. Medidas de atención á diversidade.
12. Concreción dos elementos trasversais.
13. Actividades complementarias e extraescolares.
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relacióncos resultados académicos e procesos de mellora.

Na primeira quincena de outubro de cada curso publicaranse na web do centro as programacións dos diferentes equipos ou departamentos didácticas ou, alomenos, os extractos correspondentes . Estes extractos deberán incluír para cada curso:

1. Obxectivos
2. Contidos. Temporalización.
3. Criterios de avaliación .



4. Procedementos e instrumentos de avaliación.
5. Criterios de cualificación e promoción do alumnado.
6. Estándares de aprendizaxe avaliáveis e o seu grao mínimo de consecución para superar a materia.
7. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

16.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN ANUAL DA PROPOSTA CURRICULAR

A avaliación e seguimento da proposta curricular será permanente e continua coa finalidade de permitir a introdución de correccións e modificacións que se consideren pertinentes para conseguir os obxectivos propostos e /ou introducir novos obxectivos para facer fronte a novas demandas que poidan xurdir no centro.

A avaliación realizarase a tres niveis:

- Primer nivel: por medio dos equipos e departamentos didácticos con periodicidade trimestral.
- Segundo nivel: pola Comisión de Coordinación Pedagóxica á que se levarán as conclusións e suxerencias dos diferentes equipos e departamentos didácticos.
- Terceiro nivel: Polo Consello Escolar, ao finalizar o curso, partindo das conclusións observadas nos niveis anteriores e das que este organismo contemple e determine.

Todas estas conclusións se reflexarán na memoria final de curso.

Indicadores de logro (Anexo I)

ANEXO I

AVALIACIÓN DA PROPOSTA CURRICULAR

1. ADECUACIÓN E CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
1. Adecúanse ao establecido no Proxecto Educativo de Centro (PEC)				
2. Son concretos e claros.				
3. Son acordes ás características do Centro e da súa entorna				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

2. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES POR ÁREAS OU MATERIAS	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
1. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe recollidos nas programacións didácticas son os establecidos na lexislación da nosa Comunidade Autónoma				
2. A secuenciación e temporalización dos contidos das diferentes programacións didácticas foi adecuada.				
3. Os criterios de avaliación describen con precisión aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr				
4. Establecéronse os estándares de aprendizaxe básicos.				
5. Estableceuse o perfil de cada unha das competencias.				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

3. DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE MÉTODOS PEDAGÓXICOS E DIDÁCTICOS	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
1. Incorporáronse nas programacións os principios metodolóxicos xerais.				
2. Potenciouse a autonomía do alumnado.				
3. Promocionouse o traballo en equipo do profesorado para dar un enfoque multidisciplinar ao proceso de ensino-aprendizaxe.				
4. Potenciouse o traballo en equipo do alumnado				
5. Prestouse atención ao desenvolvemento da capacidade do alumnado de expresarse correctamente en público.				
6. Fíxose uso das TIC				
7. Fomentouse nas distintas áreas ou materias os hábitos de lectura e estudio				
8. Fomentáronse actividades motivadoras para o alumnado				
9. Mantivéronse precisas para a atención á diversidade				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

4. SELECCIÓN DE MATERIAL E RECURSOS DO DESENVOLVEMENTO CURRICULAR	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
1. A CCP estableceu criterios pedagóxicos para determinar os materiais e recursos de desenvolvemento curricular.				
2. Incorporáronse aos materiais tradicionais materiais de carácter innovador.				
3. Os equipos e departamentos didácticos decidiron a elección de materiais e recursos de acordo aos criterios establecidos na CCP.				
4. Os materiais e recursos escollidos resultaron adecuados para a consecución dos obxectivos establecidos.				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

5. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
1. As programación conteñen os estándares de aprendizaxe avaliábeis, especialmente os básicos				
2. As programación coteñen o perfil competencial.				
3. As programación conteñen secuenciación e temporalización dos contidos.				
4. As programación conteñen os materiais e recursos de desenvolvemento curricular.				
5. As programación conteñen decisións metodolóxicas e didácticas conformes a esta proposta curricular.				
6. As programación conteñen a concreción dos elementos trasversais.				
7. As programación conteñen medidas que promovan o hábito da lectura				
8. As programación conteñen criterios claros de avaliación e cualificación.				
9. As programación contemplan actividades de recuperación.				
10. As programación conteñen plan de recuperación de materias pendentes.				
11. As programación contemplan medidas de atención á diversidade e reforzo educativo.				
12. As programación conteñen programa de actividades extraescolares e complementarias.				
13. Resultados avaliación final por curso e materia ou área				
14. Avaliación da práctica docente e emprego de metodoloxías activas.				
15. Adecuación dos materiais e recursos utilizados				
16. Adecuación da temporalización				
17. Coordinación interna do departamento ou equipo didáctico				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

6. OS ELEMENTOS TRASVERSAIS	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
Os departamentos ou equipos didácticos determinaron os elementos trasversais que se tratan de maneira prioritaria en cada materia e o seu modo de traballo.				
Todas as materias ou áreas cotemplan como elementos trasversais prioritarios a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.				
Inclúense nas programacións a conmemoración de especial relevancia e a colaboración nestas celebracións con outras entidades públicas e/ou ONGs.				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

7. ATENCIÓN DAS ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN DO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES.	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
A xefatura de estudos facilitou ao principio de curso, aos departamentos didácticos e aos titores, das listaxes de alumnos/as con materias pendentes.				
Os/as titores/as informaron aos proxenitores ou titores legais do alumnado das materias pendentes dos seus fillos/as				
Os departamentos didácticos informaron ás familias dos programas de recuperación de materias pendentes.				
O alumnado con materia pendente foi asesorado e avaliado polo profesorado da materia pendente no curso no que está escolarizado e, no caso, de non continuar con esta materia, polo xefe/a de departamento correspondente.				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

8. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	Grao de consecución			
	1	2	3	4
INDICADORES				
Os referentes de avaliación son os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe establecidos nas programacións didácticas.				
Cando o progreso dun alumno/a non foi apropiado tomáronse medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular para axudarlle a superar as dificultades.				
Revisáronse periodicamente as medidas de reforzo educativo e de atención á diversidade.				
Tivéronse en conta os estándares básicos na toma de decisións sobre a promoción do alumnado con medidas de atención á diversidade.				
Dificultades atopadas				
Propostas de mellora				

